



## Concello da Pastoriza (Lugo)

### **BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNIS MUNICIPAIS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS, COMERCIO E PROMOCIÓN TURÍSTICA, DESENVOLVEMENTO RURAL E OUTRAS NO CONCELLO DE PASTORIZA ANO 2022**

#### **1. OBXECTO E FINALIDADE**

Estas Bases teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello da Pastoriza para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal ou que en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio e en xeral dos intereses peculiares do noso municipio, ao abeiro do disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985 de, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O procedemento de outorgamento de subvencións se suxeitarán os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, sen prexuízo das subvencións nominativas previstas no presuposto xeral.

Os fins anteriormente expostos efectuaranse de acordo coa normativa aplicable na materia especialmente a Lei 7/19785, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local , a Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, o Real decreto lexislativo 2/2004, do 05 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención, o Real decreto 225/1993, do 17 decembro no que non se opoña a está última, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei xeral de subvencións , así como as bases de execución do presuposto.

#### **2. ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES**

O Concello por medio do procedemento previsto nestas bases poderá conceder axudas económicas a asociacións e outras persoas xurídico-privadas debidamente constituídas e a agrupacións de persoas físicas ou xurídicas sen personalidade xurídica, todas elas sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento durante o exercicio 2022 de programas e actividades de interese xeral ou sectorial de carácter cultural, deportivas, educativas, comercio e promoción turística, desenvolvemento rural e outras, que incluirán as seguintes áreas:

a) Cultura e música: realización de actividades de fomento e difusión da cultura e da música co fin de dinamizar e estimular a vida cultural no noso Concello como teatro, imaxe, danza, artes plásticas, festas tradicionais e folclore, espectáculos dos diversos estilos musicais, preferentemente da música tradicional, e programas de formación de práctica musical e/ou nalgunha das áreas anteriores.

b) Deportes: realización de actividades de fomento e promoción da práctica deportiva no termo municipal especialmente do deporte na infancia e xuventude e dos deportes tradicionais e autóctonos galegos, así como gastos derivados de participación en competicións oficiais.





## Concello da Pastoriza (Lugo)

Tamén poderán ser obxecto de subvención os eventos deportivos especiais, expedicións e rutas de montaña e outras actividades deportivas na natureza.

c) Educación: cursos, seminarios e outras actividades de formación e/ou actividades realizadas polos centros educativos e/ou AMPAS que sexan complementarias dos seus programas educativos.

d) Comercio e promoción do turismo: actividades de fomento e implantación do asociacionismo entre os comerciantes; actividades ou proxectos orientados á modernización, innovación e mellora da eficacia e eficiencia do comercio minorista, como cursos formación, fomento do uso das novas tecnoloxías da información e das comunicacóns, deseño e implantación de tales sistemas; actividades de promoción do comercio, campañas específicas de publicidade e imaxe para o sector, feiras ou eventos similares.

En materia de turismo actividades de fomento e implantación do asociacionismo no sector; actividades turísticas cun marcado obxecto cultural e de promoción dos recursos turísticos do Concello tales como feiras e eventos gastronómicos, certames e eventos turísticos; actividades de turismo deportivo e rutas turísticas; creación de produtos turísticos; campañas de promoción específicas do sector (aloxamento, restauración, ocio) mediante organización de eventos, campañas publicitarias ou similares.

e) Desenvolvemento rural e sector agropecuario ( dado o notorio interese socio-económico que o sector agropecuario ten no noso Concello): actividades que promovan, coordinen e manteñan o asociacionismo neste sector e participación dos veciños e cooperativas neste ámbito; actividades e programas encamiñados a mellorar a calidade de vida dos veciños, en aspectos relacionados coa agricultura, gandería e horticultura, actividades agroambientales e outras similares, e en definitiva, calquera actividade non produtiva que favoreza ao sector como: cursos de formación, feiras, exposicións e concursos agropecuarios, recuperación de tradicións agropecuarias etc..

f) Xuventude: actividades de fomento e implantación do asociacionismo e da participación do colectivo xove, e en xeral, actividades de carácter socio-educativo, formativo, de animación sociocultural, ocio e tempo libre dirixidas a xoves e/ou que sexan promovidas por asociacións xuvenís ou seccións xuvenís de calquera tipo de asociación.

g) Terceira idade: actividades de fomento e implantación do asociacionismo do colectivo que integra a terceira idade, e en xeral actividades ou eventos dirixidas ás persoas maiores e/ou levadas a cabo por asociacións de persoas maiores e/ou clubes de xubilados, e en xeral actividades que teñan carácter cultural, recreativo e de convivencia, encamiñadas a promover a integración e participación na vida comunitaria do dito colectivo favorecendo o seu mantemento no medio social habitual.

h) Medio ambiente: actividades medio ambientais dirixidas a fomentar a participación da cidadanía neste ámbito, e/ou as realizadas por entidades medio ambientais para contribuír a que acaden os obxectivos que lles son propios, en especial, a realización de proxectos de educación ambiental así como cursos e programas de sensibilización co medio ambiente.

i) Patrimonio Histórico-Cultural: actividades de investigación, promoción e difusión,





## Concello da Pastoriza (Lugo)

defensa e conservación do patrimonio histórico cultura do Concello entendendo por tal o patrimonio arquitectónico, arqueológico, industrial, natural material e inmaterial, e actividades de fomento da participación da cidadanía neste tipo de actividades.

Subvencionaranse programas e actividades nas áreas anteriores, tales como, celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos culturais e musicais, eventos deportivos, encontros, conferencias, cursos de formación, estudos, competicións campionatos, e en xeral actividades dentro das áreas anteriores que promovan e divulguen valores educativos, culturais, deportivos, a defensa da natureza e medio ambiente , a defensa do patrimonio, o fomento da igualdade, e o fomento e divulgación dos recursos naturais, económicos, patrimoniais e turísticos do Concello.

Non serán obxecto de subvención as festas patronais das distintas parroquias ou romarías.

Serán actividades subvencionables, ao abeiro desta bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o **01 de xaneiro de 2022 ao 30 de novembro de 2022**.

### 3. FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNIS

O gasto derivado das subvencións outorgadas imputarase ás aplicacións orzamentarias do orzamento xeral para o exercicio 2022 e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 20.800,00 que se distribuirán da seguinte maneira:

- actividades culturais: 5.000,00
- actividades deportivas: 3.000,00
- actividades educativas: 1.800,00
- actividades de comercio e promoción turística: 5.000,00
- actividades desenvolvemento rural e sector agropecuario: 3.000
- outras (xuventude, terceira idade, medioambiente e patrimonio histórico-cultural) :3.000,00

No artigo 8 especificáñase as contías máximas que se poderán obter en cada área.

O importe do crédito destinado a esta convocatoria NON poderá incrementarse No suposto de que exista un elevado número de solicitudes procederese ao prorrato entre os beneficiarios da subvención, sen que se poida superar o importe global máximo de 20.800,00 euros e o correspondente por cada área.

### 4. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases as asociacións e outras persoas xurídico-privadas xuridicamente constituídas, así como, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas que non tendo personalidade xurídica poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se topen na situación que motiva a subvención, e que cumpran as seguintes condicións:

1. Carecer de fins de lucro
2. Estar legalmente constituídas e domiciliadas ou ter a súa sede oficial, ou a súa base territorial no municipio da Pastoriza.





## Concello da Pastoriza (Lugo)

3. Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello da Pastoriza ou ter presentado xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar
4. As entidades que teñan a personalidade xurídica de asociación ou fundación deberán figurar inscritas no correspondente rexistro público.
5. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica este requisito deberá ser cumplido por todos os seus integrantes.

6. Non estar incursos en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición de percepción de subvencións públicas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de agrupacións sen personalidade xurídica este requisito deberá ser cumplido por todos os seus integrantes.

7. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, ademais deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumplir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación.

## 5. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

### 5.1 Prazo de presentación

As solicitudes deberán presentarse no prazo de **30 días naturais** a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

### 5.2 Lugar de presentación

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**De acordo co artigo 14.2 da lei 39/2015 de 01 de outubro do procedemento administrativo común, as persoas xurídicas, estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.**

**Polo que solicitude deberá presentarse vía electrónica a través da sede electrónica do Concello**  
**<https://apastoriza.sedelectronica.gal/info.0>**

Cada asociación ou entidade só poderá presentar unha solicitude de subvención para un proxecto ou actividade.

### 5.3 Documentación

Para a solicitude da subvención deberá presentarse a seguinte documentación:





## Concello da Pastoriza (Lugo)

- a. Solicitud normalizada conforme ao modelo que figura no ANEXO I, debidamente cumplimentada pola persoa interesada, no caso de tratarse de persoa física, ou pola persoa que represente xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do obxectivo, proxecto ou actividades que se solicita
- b. DNI/CIF do solicitante e, no seu caso do seu representante (excepto para o caso de agrupacións sen personalidade xurídica) xunto con documento acreditativo da representación que posúe na entidade ou asociación solicitante.
- c. Fotocopia dos estatutos, ou documentación acreditativa da personalidade xurídica da asociación ou entidade solicitante. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da súa inscrición no rexistro público correspondente.
- d. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, a solicitud de subvención deberá ser presentada pola persoa física nomeada como representante .

Para a comprobación deste extremo requirirase acompañar a solicitud de copia da acta constitutiva da agrupación subscrita por todos os seus integrantes, onde se autorice á persoa que insta a axuda, a cumplimentar os trámites, a percibir ás cantidades concedidas como subvención e a xustificar a mesma.

Ademais deberán constar os compromisos de execución da actividade assumidos por cada un dos membros xunto coa copia compulsada do DNI de cada un deles.(ANEXO II)

e. Memoria explicativa do proxecto, actividade ou programa para a que se solicita a subvención, que incluirá unha memoria descriptiva na que se subliñarán os aspectos que permitan unha mellor valoración conforme os criterios recollidos nestas bases e un presupuesto desglosado dos gastos e ingresos para a súa execución (ANEXO III)

f. Certificado ou documento acreditativo do número de socios/membros da entidade en activo a 01/01/2022.

g. Declaración responsable de (ANEXO IV)

- subvencións solicitadas e recibidas de calquera entidade pública ou privada para a mesma finalidade, e compromiso de a comunicar aquellas solicitadas ou concedidas con data posterior á presentación da solicitud

- non estar inhabilitada nin incursa nalgunha das causas de prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de decembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvención de Galicia.

- atoparse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade social e co Concello da Pastoriza

-as actividades, proxectos ou programas para os que se solicita a subvención se van a desenvolver nos termos establecidos no proxecto, actividade ou





## Concello da Pastoriza (Lugo)

programa presentado.

h. Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención.

O Concello poderá solicitar , se así fora oportuno calquera outro documento que estime conveniente.

**CORRECCIÓN DE DEFECTOS.-** No caso de que fosen apreciados defectos na forma ou que documentación fose incompleta, requiriráselle ao interesado para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo de dez días hábiles , indicándoselle que se non o fixese teráselle por desistido da súa petición sen más trámites e arquivarase o expediente nos termos previstos no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

### 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a resolución da concesión das subvención e a determinación da súa contía terase en conta os criterios obxectivos seguintes:

-Representatividade da entidade no municipio (15 puntos)

- distribuiranse como máximo 5 puntos en proporción ao número de persoas asociadas
- distribuiranse como máximo 5 puntos en proporción ao ámbito territorial que abarca a entidade
- distribuiranse como máximo 5 puntos en proporción ao número de actividade desenvoltas xa con anterioridade no termo municipal

-Grao de interese xeral ou sectorial das actividades propostas ou beneficio para os veciños do municipio (15 puntos)

A puntuación distribuirase tendo en conta a importancia que o sector/es ao que vai dirixido a actividade ou programa ten dentro do termo municipal, dando relevancia aqueles obxecto de especial protección (terceira idade, infancia, desempregados,...) e/ou aqueles que forman o núcleo da economía do municipio (sector agrario, agrícola, lacteo, comercio.....)

-Inexistencia ou déficit de actividades análogas no municipio (20 puntos), obterán a puntuación máxima aquelas actividades que pola súa innovación ou orixinalidade non existan outras similares no municipio, 10 puntos aquellas que existindo outras análogas estas sexan deficitarias e 5 puntos cando existan con intensidade outras análogas.

-Número de beneficiarios das actividades propostas (15 puntos)

- máximo 5 puntos se as actividades se dirixen só aos socios
- máximo 10 puntos se son actividades abertas á persoas alleas á asociación con praza limitadas
- máximo 15 puntos se son actividades son actividades abertas ao todo o





## Concello da Pastoriza (Lugo)

público en xeral.

-Coordinación e complementariedade das actuacións propostas cos programas municipais (20 puntos)

-Carácter permanente ou periódico das actividades (5 puntos)

- máximo 1 puntos si se trata de actividades puntuais.
- máximo 1,50 si se trata de actividades que a asociación ou entidade vai realizar con carácter periódico.
- máximo 2,5 si se trata de actividades que teñen un carácter permanente dentro do funcionamento ordinario da asociación ou entidade.

-No programa de actividades deportivas terase en conta o número de licencias federativas e categorías nas que se desenvolvan as actividades (5 puntos)

-No programa de actividades culturais aquelas que impliquen a promoción e recuperación da cultura e tradicións locais obterán (5 puntos).

## 7. PROCEDIMENTO

O procedemento a seguir para a concesión das subvencións previstas nesta bases axustarase aos seguintes requisitos:

### 7.1 Instrucción:

O Alcalde asumirá as funcións de instrutor/a e de membro da comisión

### 7.2 Proposta de subvencións

- Presentadas as solicitudes e revisados os expedientes formalmente completos serán valorados por unha Comisión de Valoración integrada por:

PRESIDENTA/E: O Alcalde Presidente, ou persoa en quen delegue.


VOGAIS: un/unha representante de cada un dos grupos políticos presentes na Corporación e un funcionario ou persoal laboral do Concello.

SECRETARIA/O: O da Corporación ou persoa en que delegue con voz e sen voto.

- A Comisión de Valoración procederá a valorar as solicitudes de subvención conforme aos criterios previstos nas presentes bases e formulará proposta de concesión das subvencións. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dan lugar a súa proposta.

A proposta de concesión de subvención aos diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos mesmo, de modo que a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

-A Comisión de Valoración poderá recabar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.





## Concello da Pastoriza (Lugo)

### 7.2 Concesión de subvencions

- Unha vez efectuada a proposta de concesión de subvencions pola Comisión de Valoración, e fiscalizada pola Intervención Municipal, elevarase o órgano competente para conceder ou denegar a subvención.,

A proposta de concesión non xerará ningún dereito a favor do beneficiario fronte ó concello ata que non se lle notifique a resolución da concesión mediante acordo do órgano competente.

- O órgano competente para resolver o procedemento de concesión será a Xunta de Goberno Local.

- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da provincia de Lugo.

Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciasen a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencions doutras administracións públicas o entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión da subvención.

## 8. CONTÍA E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONES

### 8.1 Contía

A contía máxima das subvencions que concede o Concello ao abeiro da presente convocatoria será a seguinte :

- actividades culturais: 600,00
- actividades deportivas: 600,00
- actividades educativas: 600,00
- actividades de comercio e promoción turística: 1.000,00
- actividades desenvolvemento rural e sector agropecuario: 600,00
- outras (xuventude, terceira idade, medioambiente, patrimonio histórico-cultural) :600,00

Tanto o crédito referido na base terceira , como a cantidade destinada a cada área teñen carácter limitativo e en caso de que as solicitudes superen as contías





## Concello da Pastoriza (Lugo)

previstas acordarase o correspondente prorrato.

### 8.2 Compatibilidade

A concesión de subvencións de acordo coas presentes bases serán compatibles con calquera outro tipo de subvención ou axuda procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe (100%) da actividade subvencionada.

No caso de existir sobrefinanciación o beneficiario deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello da Pastoriza na cantidade que exceda do custo da actividade.

## 9. GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionable e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade tales como alugamentos, gastos de transporte, adquisición de material non inventariable, subministracións non periódicas, prestación de servizos culturais ou outros gastos diversos como publicidade, imprenta etc...

Tamén poderá subvencionarse os gastos de persoal contratado polas asociacións para o seu normal funcionamento co límite máximo do 30% do importe da subvención concedida. Os gastos derivados de axudas de custo ou indemnizacións por razóns do servizo de calquera persoa integrante da asociación terá como límite o 5% do importe da subvención.

Os gastos de publicidade e comunicación terán como límite o 30% do importe da subvención, salvo clara xustificación da necesidade dun gasto superior para o normal funcionamento do programa ou actividade.

En ningún caso serán subvencionables os gastos investimentos tales como gastos derivados da adquisición de bens inmóbiles, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e en xeral calquera outro ben que teñan a consideración de inversiones.

Tampouco teñen a consideración de subvencionables os gastos de mantemento ordinario (teléfono, auga, luz gas etc.) nin os gastos derivados de manutención e aloxamento, comidas, bebidas, tabaco o similares, nin os gastos financeiros, notariais, de rexistro, periciais, multas, sancións, e recargas administrativos o penais, nin os tributos directos ao cargo dos beneficiarios.

Así mesmo tampouco poden ser obxecto de subvención aquelas actividades xa suxeitas a convenios de colaboración co Concello, nin aquellas que recibisen outro tipo de achega municipal.

## 10. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios en xeral, as previstas no artigo 14 da lei 38/2003, de 17 de novembro, e artigo 11 da Lei 9/2007, do 17 de xuño de subvencións de





## Concello da Pastoriza (Lugo)

Galicia, e ademais as seguintes:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamentou a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou desfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación control ou auditoría que se realicen pola Intervención a efectuar polo Concello como entidade concedente, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

E como resultado dos ditos procedementos, poderá esixirse responsabilidade administrativa, consonte ao previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e de ser o caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código Penal.

- d) Comunicar ao Concello a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, facendo constar (cando se realicen con posterioridade a data da concesión da subvención) na publicidade, difusión, publicacións, etc... que se xeneren con motivo da actividade ou programa que están subvencionadas polo Concello da Pastoriza. A tales efectos engadiranse o logotipo do Concello da Pastoriza, a carteis, folletos , dípticos, etc.
- g) Xustificar o gasto realizado como data límite o 15 de decembro de 2022, de acordo co previsto na base seguinte

### 11. XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións deberán presentar no rexistro xeral de entrada do Concello (*no caso de ser persoas xurídicas a través da sede electrónica*) no prazo de dous meses desde a finalización da actividade subvencionada, e en todo caso, antes da data límite de xustificación prevista nestas bases (15 de decembro de 2022), a documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou actuación obxecto de subvención.

A documentación xustificativa será a seguinte:

1. Conta xustificativa segundo o modelo recollido no ANEXO V que inclúe memoria xustificativa (ANEXO V-A) do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos así como a memoria económica (ANEXO V B-C) xustificativa dos gastos realizados e ingresos obtidos para esa actividade.





## Concello da Pastoriza (Lugo)

2. Facturas orixinais ou photocopias validadas ou copia electrónica, das facturas xustificativas do gasto ou documentos de valor probatorio equivalente, incorporados na relación clasificada de gastos.

As facturas deberán cumplir os requisitos do Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación, levar o selo e firma da empresa provedora, e en particular, deberán figurar desglosados os diferentes conceptos e os seus prezo unitarios, así como a base imponible, o tipo impositivo do IVE aplicado e a cota do IVE. No caso de esta exento de IVE, indicarase na factura: Exento de IVE en virtude do artigo que corresponda segundo os supostos da Lei 37/1992, de 28 de decembro, lei do IVE.

As facturas serán cotexadas polo órgano xestor da subvención e devoltas aos/as interesados/as, deixando constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención concedida, mediante a impresión nas mesmas dunha dilixencia ou cuño no que se especifique a súa utilización para a xustificación da subvención correspondente e do importe subvencionado.

### 3. Xustificantes do pago das facturas aportadas.

As entidades beneficiarias das subvencións municipais deben utilizar, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario e o concepto obxecto de pago, excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 300 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados, en tal caso presentarse un recibín ou documento selado e asinado polo provedor de conformidade do pago.

### 4. Gastos de persoal

Para a xustificación de gastos pertencentes a persoal (cursos, conferencias, etc.) admitiranse nóminas orixinais asinadas polo perceptor, ou ben photocopias validadas ou copias electrónicas xunto cos documento de Relación Nominal de Traballadores-RNT (antigo TC2) e o documento de Relación de Liquidación de Cotizacións -RLC (antigo TC1).

No caso de gastos por desprazamento ou gastos de combustible, deberá indicarse o nome e DNI da persoa desprazada, motivo e lugar.

### 5. Declaración xurada dos seguintes aspectos.(ANEXO V-D)

- de ter recibido outros ingresos ou subvencións obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe ou procedencia, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- de que se cumpliu a finalidade para a que se concedeu a subvención e que a actividade, proxecto, programa ou actuación se realizou nos termos establecidos na memoria presentada.

-de que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente





## Concello da Pastoriza (Lugo)

-no caso de presentar gastos de persoal) de que o persoal contratado estivo adscrito á programación, actividade ou actuación obxecto da subvención non percibindo ningunha outra subvención por este concepto.

-de que as facturas e/ou documentos de valor probatorio empregados para xustificar as subvención non son emitidas por membros ou familiares e primeiro e segundo grao en consanguinidade e afinidade da directiva da asociación que se subvaciona.

6. Certificados acreditativos de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social.

-Certificado de estar ao corrente das obligacións tributarias co Concello que se realizará de oficio.

- Certificado de estar ao corrente das obligacións tributarias coa Axencia Tributaria Galega

- Certificado de estar ao corrente das obligacións tributarias coa Axencia Tributaria Estatal.

-Certificado de estar ao corrente das obligacións coa Seguridade Social.

No caso das agrupacións sen personalidade xurídica deberán presentala todos os seus membros.

7. Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello en toda a información impresa, informática ou audiovisual que se teña feito das actividades ou programas subvencionados, debendo xuntar exemplar dos folletos, carteis, libros, videos, cd-rom etc... que se editasen ou publicasen en relación coa actividade subvencionada así como recortes de prensa, enlaces e/ou capturas de pantallas nas redes sociais e fotografías, coa data impresa.

8. Acreditación gráfica da realización da actividade/es, programa ou actuación obxecto da subvención mediante a documentación impresa xerada por ela, e sempre que sexa posible, fotografías, gravacións, enlaces ou calquera outra que xustifique a súa realización.

9 Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante e na que solicita o ingreso da subvención.

Para os efectos de xustificar os gastos entenderase que é gasto realizado o que foi pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación e coa achega da documentación sinalada anteriormente indicada.

Non se admitirán facturas ou documentos de valor probatorio para xustificar estas subvencións emitidas por membros ou familiares de primeiro e segundo grao en consanguinidade e afinidade da directiva da asociación que se subvaciona.

## 12. PAGAMENTO

O Concello aboará a cada unha das entidades beneficiarias a contía da subvención unha vez sexan xustificados totalmente, nos termos previstos na base anterior, os gastos realizados.

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois da súa fiscalización,





## Concello da Pastoriza (Lugo)

valorarase o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. De non emendar a documentación xustificativa terase por non presentada.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pagamento dela, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presupuesto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da subvención. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presupuesto subvencionado, non se considerará cumplida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador correspondente.

- Os xustificantes de gasto deberán corresponder a gastos ocasionados para o cumprimento da actividade obxecto de subvención, non admitíndose gastos realizados para finalidades ou actividades distintas ou que non garden relación directa coas actividades subvencionadas, nin a imputación de gastos indirectos ou xerais, para estes efectos teranse en conta os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos análogos e no orzamento presentado coa solicitude.

-A xustificación dos gastos de persoal, gastos locomoción e indemnizacións e gastos de publicidade deberán respectar as limitacións recollidas na base 9, en caso de superen esa porcentaxe a subvención reducirase ata os límites sinalados.

A xustificación será aprobada polo órgano competente, a xunta de goberno local, e o aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

No caso de que non se presente a xustificación en prazo, incoarase o expediente de anulación do correspondente compromiso que implicará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipos.

## 13. REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, nos termos e coas condicións previstas no artigo 38.2 da Lei xeneral de subvencións, nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para ela ou ocultando aquelas que a impediran.
- b) Incumprimento total ou parcial da actividade ou proxecto que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obrigación de xustificación ou xustificación insuficiente.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración, así como dos





## Concello da Pastoriza (Lugo)

compromisos asumidos polos beneficiarios, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.

- f) A desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución.
- g) A duplicidade de subvencións para un mesmo proxecto ou programa.
- h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora das subvencións.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, sendo da aplicación para a súa cobranza o previsto no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

### 14. INFRACCIONES E SANCIÓNS

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións , coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nas presentes bases, estarase ao disposto nas bases de execución do presuposto e na Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais disposicións sobre a materia.

A Pastoriza, na data indicada á marxe.

O alcalde,

Asdo.: Primitivo Iglesias Sierra.

*Documento asinado electrónicamente á marxe*



CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)



Plaza de Galicia, n.º 1 - C.P. 27287 A Pastoriza (Lugo)  
Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33



<http://apastoriza.sedelectronica.gal>  
<http://www.concelloapastoriza.es>